
CUESTIONARIO TRANSPORTE DISCRECIONAL



SORTEO de TARXETA REGALA DEZA

1.- PROMOCIÓN.

A presente promoción está organizada por AUTOCARES RÍAS BAIXAS S.L. con domicilio social en Igrexa 37, Salcedo (Pontevedra) e baséase no sorteo entre as persoas participantes de **1 TARXETA REGALO de Viajes Deza valorada en 100 €**

2.- MECÁNICA.

Poderá participar na promoción calquera persoa, maior de idade e con plena capacidade para o exercicio dos seus dereitos, que no período comprendido entre o **1 de decembro de 2023 e o 31 de Xaneiro de 2024**, cubra correctamente o "**Cuestionario para Viaxeiros/as de Transporte Discrecional**" de AUTOCARES RÍAS BAIXAS e acepte a participación no sorteo.

Consideraranse como nulas, a efectos de participación no sorteo, aquelas enquisas que non faciliten a totalidade dos datos persoais requiridos. Os datos facilitados polas persoas participantes deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos ou inexectos e resultase gañador ou gañadora do sorteo, quedará automaticamente eliminado/a.

3.- GAÑADOR/A.

A persoa gañadora do premio será elixida mediante sorteo ao azar entre as persoas participantes (das enquisas contestadas online ou presencialmente no autobús) que cumpran en tempo e forma todos os requisitos da promoción. **O sorteo realizarase o luns 5 de Febreiro de 2024** nas oficinas de AUTOCARES RÍAS BAIXAS.

O resultado do sorteo será inapelable e farase público tanto na páxina web **www.autocaresriasbaixas.com** como nas redes sociais da empresa. Así mesmo comunicarse o resultado ao participante que resulte premiado/a telefonicamente ou por e-mail á dirección do correo electrónico rexistrada na enquisa. Deberá **confirmar a aceptación do premio** nun prazo máximo de 7 días naturais a contar desde a comunicación do premio. En caso contrario, entenderase que renuncia, perdendo todos os dereitos sobre o mesmo.

A persoa premiada autoriza expresamente a Autocares Rías Baixas a utilizar o nome e apelidos na difusión do premio que se realice por parte de Autocares Rías Baixas, tanto na páxina web, redes sociais ou outros medios que se estimen pertinentes.

4.- PREMIO.

O premio consiste en **1 TARXETA REGALA DEZA** da axencia de viaxes **Viajes Deza** valorada en **100 €**. A tarxeta poderá ser utilizadas para facer

reservas ou compras de todos os servizos e produtos ofrecidos pola axencia de viaxes **VIAJES DEZA**. A Tarxeta Regala Deza poderase trocar e disfrutar ata o 31 de decembro de 2024.

5.- PERÍODO PROMOCIONAL.

A promoción iníciarase o día **1 de decembro de 2023** e finalizará o **31 de xaneiro de 2024**, ambos os días inclusive.

6.- CONSULTAS E INFORMACIÓN.

Para calquera consulta sobre este sorteo, os usuarios/ as poderán dirixirse ás oficinas de **AUTOCARES RÍAS BAIXAS** en rúa Igrexa 37, Salcedo (Pontevedra). Teléfono:986856622 - arbp@autocaresriasbaixas.com

7.- USO DE DATOS PERSOAIS.

Autocares Rías Baixas tratará os datos persoais facilitados para os efectos de xestionar a inscrición no concurso e a correspondente asignación do premio, no caso de que lle corresponda. Unha vez finalizado o concurso, os datos persoais facilitados conservaranse bloqueados durante o prazo esixido legalmente para a atención de posibles responsabilidades nadas do tratamento. Cumprido o citado prazo, procederase á supresión.

O nome e apelidos das persoas participantes poderá ser publicado na páxina web e redes sociais da empresa Autocares Rías Baixas.

A finalidade do tratamento dos datos persoais responde á participación no concurso e verificar os requisitos de participación, sendo a base legitimadora para o tratamento o consentimento prestado no momento de manifestar a vontade de participación.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases do concurso.